

A GUERRA DOS BALCÁNS

A Guerra dos Balcáns de 1991, que tamén adopta as denominacións de Terceira Guerra dos Balcáns ou Conflitos Iugoslavos de 1991, comezou cando o meu pai atópabase acabando os seus estudos universitarios de arqueoloxía en Santiago de Compostela.

Conta que foi unha guerra moi sorprendente pola súa brutalidade e crueldade, pois ocorreu ás portas de Europa, considerado como o continente máis avanzado e desenvolvido; na entón coñecida como Iugoslavia, un conglomerado de repúblicas socialistas federativas conformado tras a Segunda Guerra Mundial e pertencente á orbita de países socialistas que xiraban arredor da Unión Soviética.

Para coñecer as causas estruturais desta guerra, hai que remontarse á Primeira Guerra Mundial, oitenta anos antes deste conflito. A crise política existente nestes territorios foi o principal desencadeante da Primeira Gran Guerra, debido a importancia dos diferentes nacionalismos asociados aos países balcánicos. O asasinato do archiduque Francisco Fernando, en 1914, foi a máxima expresión das demandas balcánicas contra o imperialismo e o principal motivo que desencadeou o segundo maior conflito da historia mundial. Ademais, foi unha zona moi azoutada durante a Segunda Guerra Mundial, pois sufriu unha importante invasión nazi que foi especialmente intensa debido á resistencia que estes países presentaron antes da súa rendición.

O meu pai non se lembra con exactitude e di que sería necesario contrastalo, mais cre recordar que Croacia e a súa poboación tiveron un papel crucial neste feito ao colaborar estreitamente cos nazis, e amosar unhas posturas en favor dos invasores alemáns que, co paso do tempo, traduciríanse en maiores tensións entre Croacia e o resto de Repúblicas, especialmente, Serbia, que si presentaron unha forte oposición aos invasores.

Cando rematou este conflito coa conseguinte vitoria aliada, implantouse en Iugoslavia un réxime socialista e prosoviético que durou desde o final da segunda Gran Guerra ata os inicios do conflito dos Balcáns. Aparentemente, este goberno ditatorial conseguiu sofocar as tensións e

diferenzas entre as distintas repúblicas, mais co paso do tempo demostraríase que non foi así. Segundo meu pai, a disolución da Unión Soviética nese mesmo ano (tamén denominada "a caída do telón de aceiro") precipitou a desestabilización das repúblicas socialistas iugoslavas, dando vía libre aos diferentes nacionalismos, moi vinculados á diversidade de etnias existente nesta república de repúblicas.

As diferentes etnias estaban asociadas ás repúblicas aínda que en moitos casos, nun mesmo territorio, convivían distintas etnias. A etnia maioritaria era a dos serbios, seguida polos croatas e os bosnios. Non obstante, existían diversas misturas. Por exemplo, aínda que en Croacia a maioría étnica estaba conformada loxicamente por croatas, tamén existían importantes grupos de serbios. Porén, o país con máis diversidade era Bosnia, que a parte dos serbio-bosnios que existían alí, tamén contaba cunha maioría importante de bosnios musulmáns, razón pola cal foron especialmente perseguidos e masacrados.

Un dos factores cruciais que caracterizou a esta guerra e que a fixo especialmente salvaxe e cruenta foron os motivos que a induciron. O meu pai conta que non só se trataba de motivos xeopolíticos e estratéxico-militares, como adoita acontecer na maioría das guerras, senón que tamén tivo un importante compoñente de carácter racial e étnico. O feito de que non houbo boa convivencia entre estes grupos e non se aceptasen os uns aos outros, especialmente por parte de Serbia, precipitou un dos conflitos máis tristes e sanguinarios da historia mundial contemporánea.

As nacións belixerantes que xurdiron deste conflito foron Serbia, Croacia, Bosnia, Montenegro e Kosovo.

Dentro da órbita iugoslava, as principais potencias eran Croacia e Serbia, as primeiras nacións belixerantes e as máis ricas e poderosas. O meu pai conta que Croacia era por entón a República máis rica e desenvolvida, ademais da máis cercana e mellor relacionada co resto de Europa. Tamén tiña estreitas relacións con Alemania, un dos seus socios estratéxicos. Por iso foi unha das principais impulsoras da independencia e a primeira que a presentou formalmente, feito que non foi aceptado por Serbia e desencadeou o primeiro conflito relacionado con esta guerra, coñecida como "A Guerra Serbio-Croata".

Tempo despois, as repúblicas “secundarias”, como Bosnia e Kosovo, seguiron os pasos de Croacia e entraron en guerra con Serbia. O feito de que fosen países de menor repercusión, con economías máis débiles e organizacións sociais rurais, fixo que padecesen as maiores consecuencias da guerra e de forma moito máis intensa. En especial, o gran perdedor e o máis afectado por este conflito foi Bosnia, debido ao seu subdesenvolvemento e a diversidade étnica presente nas súas fronteiras. Este choque cultural foi duramente reprimido por Serbia, quen chegou a acometer verdadeiros xenocidios étnicos contra esta nación, especialmente, contra o grupo dos bosnios-musulmáns.

Estes feitos, que rápidamente se deron a coñecer en todo o planeta, provocaron a indignación de Europa e EEUU, que tomaron cartas no asunto e interviron no conflito. A actuación da OTAN (Organización Tratado Atlántico Norte, liderada por EEUU) e os “cascos azuis” (tropas enviadas pola ONU) cambiaron o rumbo da guerra en favor dos países máis desfavorecidos.

Co paso do tempo, as aspiracións expansionistas serbias foron sofocadas e as diferentes exrepúblicas iugoslavas conseguiron a súa independencia (as cinco citadas anteriormente).

Este conflito tivo un gran seguimento a nivel internacional por parte dos medios de comunicación, por atoparse en pleno continente europeo e polos importantes crimes de guerra que desencadeou. En España, os espazos de opinión e os medios fixeron unha lectura antinacionalista e antindependentista, ao relacionar os nacionalismos con guerras, represión, xenocidios e abusos de poder.

Desde a perspectiva de hoxe en día, é sinxelo distinguir entre aqueles movementos nacionalistas e de liberación pacíficos, que tiñan por obxecto a independencia pacífica dun estado maior; dos que acarrearon graves consecuencias humanitarias e tiñan como finalidade a expansión de poder e o dominio étnico e cultural.

Unha das figuras máis destacadas no xornalismo internacional en relación con esta guerra foi Arturo Pérez-Reverte, por entón corresponsal de guerra español neste conflito. Escribiu unha obra relacionada con este tema, chamada “Territorio Comanche”, e a súa fama e popularidade creceron exponencialmente trala labor realizada no conflito balcánico.

Ademais, un importante grupo musical que adicou un dos seus temas a este trágico evento histórico foi U2, coa canción “Miss Sarajevo”, na que se denunciaban os crimes de guerra cometidos na capital bosnia.

-Juan Cañizo González-Elipe 4ºA.

-Departamento de Xeografía e Historia

-03/03/2021